



Indice

Nombre del doc	CSV	Fecha	
1 31 Resolución nomeamento persoal auxiliar informatico <small>[DOC_EXP_2019_TRIBUNAL_000003_RESOLCOM_20190508084344.pdf]</small>	8SBZRAU850D2P4XW	08/05/2019	
2 32 Resolución corrección erros nomeamento persoal auxiliar <small>[DOC_EXP_2019_TRIBUNAL_000003_RESOLCOMLIBRE_20190509100347.pdf]</small>	DLIGVHA0JOWJ2NMR	09/05/2019	





EMCM

Número de expediente:2019/TRIBUNAL/000003

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO, POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DO PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2017, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, polo sistema de promoción interna, de dúas prazas de auxiliar administrativo da escala da administración xeral (Grupo C, subgrupo C2), incluídas na oferta de emprego público do ano 2017, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 10, de data 15 de xaneiro de 2019, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporacións aos seus traballos de asesores especialistas que para as probas coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Dado o carácter técnico da proba a realizar, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), o tribunal acordou a incorporación de persoal auxiliar para a colaboración no desenvolvemento do amentado exercicio.

Xa que logo, esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Designar, en calidade de membro auxiliar, para a realización do segundo exercicio, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Javier Saborido Fentanes, técnico medio informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio sito na rúa de Michelena número 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

Así o ordena e dispón o Concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da Administración Municipal, dou fe.



Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:8SBZRAU850D2P4XW



EMCM

Número de expediente:2019/TRIBUNAL/000003

CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA AREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO, POLA QUE SE APROBABA O NOMEAMENTO DO PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO ANO 2017, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA

Examinada a documentación obrante no presente expediente, resultan acreditados os seguintes **feitos**:

Primeiro.- Baixo o expediente número 2019/TRIBUNAL/000003, mediante resolución do Concelleiro de Goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio de data 08/05/2019, acordábase designar, en calidade de membro auxiliar, para a realización do segundo exercicio, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Javier Saborido Fentanes, técnico medio informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Constatase, de oficio, a existencia dun erro material no punto 1º da amentada resolución, no tocante, exclusivamente, ao nome e posto de adscrición do persoal auxiliar designado, que deberá dicir "*Jesús Lorenzo Rons, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas. Unidade de Día*" e non "*Javier Saborido Fentanes, técnico medio informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra*".

Considéranse de aplicación os seguintes **fundamentos xurídicos**:

Primeiro.- As determinacións contidas, con carácter xeral, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

En particular, o artigo 109 da citada Lei 39/2015 faculta á Administración para rectificar, en calquera momento, os erros materiais, de feito ou aritméticos, existentes nos seus actos.

No presente suposto constatase a existencia dun erro material na resolución do Concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, de data 08/05/2019, tramitada baixo o expediente 2019/TRIBUNAL/000003, no tocante, exclusivamente, ao nome e posto de adscrición do persoal auxiliar designado, polo que procede á súa corrección de oficio, mantendo os restantes pronunciamentos daquela resolución.

Segundo.- A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Alcaldía, de conformidade co disposto na Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, coas súas modificacións, e no Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, competencia delegada no Concelleiro de Goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio mediante Decreto de data 21/04/2017.

Atendendo ao exposto, o Concelleiro de Goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio en exercicio de competencia delegada, **RESOLVE**:



Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:DLIGVHA0JOWJ2NMR

Acordo

Primeiro.- Corrixir o erro material advertido na resolución do Concelleiro de Goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio de data 08/05/2019, con base e de conformidade cos feitos e fundamentos xurídicos expostos, no tocante exclusivamente ao nome e posto de adscrición do persoal auxiliar designado, facendo constar que onde dí *“Designar, en calidade de membro auxiliar, para a realización do segundo exercicio, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Javier Saborido Fentanes, técnico medio informático do Servizo de Informática do Concello de Pontevedra.”* realmente deberá dicir: *“(…)Designar, en calidade de membro auxiliar, para a realización do segundo exercicio, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades básicas de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Jesús Lorenzo Rons, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas. Unidade de Día”*

Segundo.- Ratificar integramente o resto dos pronunciamentos contidos na resolución do Concelleiro de Goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio de data 08/05/2019.

Terceiro.- Comunicar o presente acto administrativo a todas as persoas interesadas no procedemento.



Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:DLIGVHA0JOWJ2NMR